

O ELEMENTO DO CRIME

984

Lars von Trier, 1984

ESTREA EN NUMAX: 05.08.2022 | V.O.S.E. | +18. | 103 min

Fisher, un inspector de policía, regresa a O Cairo despois de estar investigando un asasinato en Europa. Atópase nun estado de confusión que o leva a buscar a axuda dun psicoterapeuta. O seu obxectivo é intentar reconstruír, por medio da hipnose, o crime a partir dos datos que foi recompilando.

«Ningún filme de Lars von Trier é tan hipnótico como este debut»

Peter Cowie, THE CRITERION COLLECTION



Unha declaración autoral

Por Dani Rodríguez

Rebelde de espírito e axitador nas súas formas, o danés Lars von Trier alcanzaba con *O elemento do crime* (1984) unha das súas obras máis significativas dentro dos primeiros pasos da súa xa dilatada filmografía. Primeira da súa chamada triloxía europea, completada anos despois con *Epidemic* (1987) e *Europa* (1991), a obra constrúese baixo unha indagación de estilo utilizando como subtexto o mero *thriller* criminal: o detective Fisher é o encargado de investigar unha serie de crimes ocorridos en Europa; é concretamente o homicidio dunha nena o que o que o obsesiona ata o punto de necesitar unha regresión espiritual aos recunchos orográficos nos que tivo lugar a súa investigación, para intentar comprender a serie de vivencias que lle foron ocorrendo durante o proceso. Alieo a calquera tipo de vicisitude convencional polas que puidese circular unha trama destas características, von Trier propón unha especie de viaxe interna á psicoloxía do seu protagonista en base ao surrealismo e ás tan afiadas como abruptas arestas que caracterizaron as súas posteriores obras.

O elemento do crime ten como principal recurso estilístico o debuxo dunha Europa feísta, perturbadora e de tintura apocalíptica, que o director danés retrata con enorme saturación e baixo un hábito sepia fantasmagórico. Todo conduce a un universo de escuridade e opresión no recorrido do protagonista polos seus vaivéns; unha investigación na que se somerxe nun conxunto de hostilidades externas que o levarán a conformar unha reversión grotesca e arrepianante da figura do investigador. O repaso dunha serie de patróns forzarán que a unión entre a súa persoa e a mente criminal cheguen a unhas cotas de integración inquietantes, onde von Trier exterioriza algunha das súas máis perversas filias: o dano físico e mental da situación externa, aquí encolerizada por unha atmosfera tan cruel como incómoda.

Aínda que dentro das súas complexas maneiras, o filme non obvia o seu intento de ser unha integrante e labiríntica investigación a través dos valores dun trauma, exposto de maneira estilística por unha escuridade unicamente interrompida pola xa mencionada iluminación sepia. Este trastorno intrapersonal vese poderosamente exteriorizado pola sentida interpretación do actor británico Michael Elphick, imponente na cicelada degradación psicolóxica que dota ao seu personaxe, engrandecida pola fusión entre drama e atmosfera. Curiosa é a aparición, como (sórdido) contrapunto feminino, da actriz Me Me Lai, recordada principalmente pola súa participación anos atrás en diversos *exploits* caníbales italianos.

Pero, ante todo, *O elemento do crime* é unha declaración autoral de Von Trier; obra e receptor alcanzan ata un punto metalingüístico desde a propia trama, que utiliza a existencia real dun libro chamado *O elemento do crime* que se utiliza para pomenorizar a idea conceptual do filme, que destrúe as barreiras entre heroe e vilán, perseguidor e perseguido. Funciona como peza de inmersión nunha personalidade focalizada cara a autodestrución dentro dun contexto que enlouquece, así como dunha degradación paulatina dos tropos do *noir* revertendo o xénero cunha linguaxe abrupta, sen prexuízos ata o extremo. O director danés xa afianzaba neste, un dos primeiro chanzos autorais, o discurso contra a forma e a favor do remuíño interior que catapultou os bordes angulares do seu cinema, conseguindo aquí unha peza que recupera a máis sinistra verborrea do *arty*.